

**ACTA**

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2021/07	O Pleno

<b>DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN</b>	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Extarordinaria
<b>Data</b>	15 de XULLO de 2021
<b>Duración</b>	Desde as 20:30 ata 21:25 horas
<b>Lugar</b>	SALÓN DE PLENOS
<b>Presidida por</b>	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
<b>Secretario</b>	MINIA ASTRAY BARCA

<b>ASISTENCIA Á SESIÓN</b>		
<b>DNI</b>	<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SI
78789855C	MANUELA BARCIA VÁZQUEZ	NON
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SI
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	NON



Tomás Gosende Cambeiro non asiste: asuntos persoais.		

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

## A) PARTE RESOLUTIVA

### 1. Expediente 312/2020. Contratacións.

**Favorable**

**Tipo de votación**

#### DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para expoñer a proposta de acordo relativo ao expediente 312/2020 correspondente ao expediente do IDAE e expón que trátase de adjudicar o contrato, ao ser un proxecto que supera a contía estipula debe ser adjudicada por Pleno. Resultou adjudicataria deste proxecto a empresa CYMI S.A. e o contrato ascende a 811.670€ unha vez que se adjudique, cunha baixa importante. Lembrar que atópase financiado ao 80% polo IDAE.

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que indica que con referencia a este punto repetimos o que xa manifestamos no Pleno Ordinario de maio, que se esta empresa resultou, segundo as actas da Mesa de Contratación a que presentou a oferta mais vantaxosa e a Mesa considera que debe ser a adjudicataria do concurso, nos non temos nada que dicir ao respecto. O que si queremos é repetir o que non nos cansamos de dicirle en múltiples ocasións ao Equipo de Goberno, a ver se temos sorte nunha destas toman nota e melloran a sua xestión. Trátase, unha vez mais, da lentitude que manifestan habitualmente na tramitación dos asuntos do Concello, polo que lle rogamos que no futuro sexan mais rápidos e áxiles de maneira que non se poña en perigo o cobro desta axuda polo incumprimento dos prazos que se requiren nas bases da convocatoria, porque si ben e certo que lles concederon unha ampliación de prazo para a adjudicación do proxecto, para todas as demais fases do expediente non hai ningunha modificación, é dicir que os prazos seguen sendo os mesmos e o que esperamos é que non sigan ao mesmo ritmo e que non cheguen a tempo para



cumprir con eles.

Toma a palabra a voceira do BNG a Sra. Suárez que comeza indicando que van seguir coa mesma posición que con respecto ao xa dito nos plenos anteriores e que esperan que se acaden as obras en tempo e prazo.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño que indica que vistos os informes pertinentes de Intervención, Secretaria e demais pasos levados a cabo por este Pleno seguimos deixando nas súas mans os seguintes pasos como xa fixemos con anterioridade.

Toma a palabra o Sr. González que reitera que é un procedemento complexo e que nun Pleno anterior tivemos que acudir aquí para requirirllle á empresa e sabemos que isto vai atrasando os tempos pero agardemos que se execute a obra o antes posible.

### **VOTACIÓN**

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 4 votos a favor

PP: 4 abstencións

BNG: 2 abstencións

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 abstención

### **ACORDO**

### **ANTECEDENTES**

Considerando que este Concello está a tramitar un expediente de licitación das obras citadas no encabezamento.

Considerando que o órgano de contratación é o Pleno da Corporación, conforme establece a Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Vistos os informe de Intervención e Secretaría obrantes no expediente.

Vistas a actas da Mesa de Contratación coa proposta de adjudicación ao licitador



que presentou a mellor oferta.

Considerando que a cláusula 18 dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (en adiante PCAP) establece que o órgano de contratación requerirá ao licitador proposto como adxudicatario para que presente a documentación xustificativa previa á adxudicación definitiva, o Pleno da Corporación adopta o seguinte,

**ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Requerir á mercantil CONTROL Y MONTAJES INDUSTRIALES CYMI S.A., CIF: A59920330, para a presentación a documentación previa á adxudicación definitiva, por ser o licitador que presenta a mellor oferta, consonte á cláusula 18 do PCAP que rixen esta licitación.

**SEGUNDO.-** No caso de que o licitador proposto no punto anterior non presentara en tempo e forma a documentación requerida, proceder a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte pola orden na que quedaron clasificadas as ofertas, consonte coa antedita cláusula 18 do PCAP.

**2. Expediente 254/2021. Modificacións das Condicións de Traballo.**

**Favorable**

**Tipo de votación**

**DEBATE**

Toma a palabra o Sr. González para expoñer a proposta de acordo relativo ao expediente 254/2021 de modificación das condicións de traballo e indica que o que se trata é de facer unha modificación puntual da RPT, estando en vixencia esta dende 2018. Esta modificación ven motivada pola necesidade de incluír dúas prazas novas do P.A.I.. Por recomendación dos órganos de Intervención se nos insta a modificar a RPT e entendíamos, xa que facíamos a mesma, que debíamos incluír tres máis sendo estas prazas a de orientación laboral, axente emprendemento local e normalización lingüística. Por ese motivo se pretende a inclusión destas prazas citadas, no caso das tres prazas citadas ademais do groso das funcións que se establecen na RPT tamén permítenos dotarnos de persoal que pode facer outras labores vinculadas a outras áreas, tamén importante e necesario. Seguiuse o procedemento que se atopa regrado, abriuse a mesa de



negociación e aprobouse por unanimidade a proposta e agora traémolo a Pleno para aprobar inicialmente esta modificación. Posteriormente estará en exposición pública no BOP e se non houbera alegacións quedaría aprobada definitivamente.

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que indica que A nos parécenos que a RPT é un instrumento moi importante á hora de regular e estruturar os postos de traballo do Concello, de feito como acaba de dicir o Sr. Alcalde, esta RPT aprobouse en decembro do ano 2018 estando no goberno municipal o Partido Popular.

Sabemos que a RPT é un documento vivo e polo tanto pode ser sometido a modificacións en función das necesidades que se poidan crear e que o Goberno Municipal identifique como tales, e sabemos tamén que neste caso os sindicatos e os representantes dos traballadores aceptaron a modificación que estamos a tratar.

En liñas xerais, dos Informes que acompañan este expediente pódese derivar que se están a cumprir as condicións que deben darse para proceder a esta modificación, pero neles introdúcense algunhas observacións que nos preocupan, como por exemplo o incumprimento da estabilidade orzamentaria, ou certas dúbidas de carácter competencial en algún dos postos a incluír.

Queremos manifestar que temos dúbidas tamén con respecto á oportunidade do momento en que propoñen esta ampliación, porque aprobar este expediente que supón un aumento da partida orzamentaria destinada ao pago dos traballadores e ao mesmo tempo propoñer, noutro punto do pleno a aprobación doutro expediente de Modificación de Crédito con cargo ao remanente de tesourería para poder facerlle fronte aos pagos das nóminas dos traballadores porque no orzamento prorrogado do ano anterior co que están funcionando non teñen crédito suficiente para facelo, soa como pouco coherente. Pero eso é o que sucede cando se goberna da maneira en que vostedes o fan, sen ter aprobados os orzamentos en tempo e forma e polo tanto sen identificar de maneira eficiente a situación real dos gastos anuais.

Toma a palabra o voceiro do BNG a Sr. Suárez que indica que se ben é certo que o punto número dous da orde do día di modificación das condicións de traballo, no BNG non imos a poñernos en contra dunha mellora laboral e polo tanto cubrir as necesidades da nosa veciñanza. Si que é certo que entendemos que a modificación de crédito que traen a posterior na que se inclúe o pago a estes



traballadores chama a atención, debían estar os orzamentos aprobados no mes de agosto e por agora non temos expectativas. Entendemos que son prazas estruturais básicas para mellorar o desenvolvemento e polo tanto vamos a ter en consideración este punto por riba doutros. Engade que nas actas das mesas de negociación aparecen reflectidos demandas por parte dos traballadores que queremos entender que se teñan en conta e creo que actuando de boa fe deberían facelo e ter en conta as necesidades dos traballadores.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño indica que non lle cabe a menor dúbida que uns postos que xa se están executando e que van ter unha continuidade no tempo deben estar integrados na RPT. Cremos que a mellora das condicións de traballo para calquera persoa axuda a desempeñar o mesmo con máis alegría e sen preocupacións e debería ser positivo para o traballador ou traballadora así como para o Concello.

Toma a palabra o Sr. González que indica que a proposta ten informes favorables e dende o punto de vista de Intervención faise algún comentario pero iso non indica que non sexa favorable, faise sobre aqueles postos que dependen dunha subvención. Sobre o que comentaba o BNG, efectivamente hai peticións dos traballadores pero xa les indicamos que esta é unha modificación puntual e que no seu momento haberá unha revisión máis fonda.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que non sei se me entendeu ben, eu non lle falaba de ningunha subvención, faláballe de competencias, pois son custos que non son de carácter competencial do Concello, ningún deles.

## **VOTACIÓN**

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 4 votos a favor

PP: 4 abstencións

BNG: 2 abstencións

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

## **ACORDO**

Vista a documentación que consta no expediente:



Documento	Data/Núm.	Observacións
Providencia de Alcaldía	01.06.2021	Inicio de expediente.
Proxecto de Modificación da Relación de Postos de Traballo		Informe-proposta asinada por D. Santos Lorenzo Lorenzo
Informe-proposta Alcaldía	18.06.2021	
Acta da Mesa de Negociación conxunta	22.06.2021	Mesa de negociación celebrada o 09.06.2021.
Acta da Mesa de Negociación conxunta	24.06.2021	Mesa de negociación celebrada o 15.06.2021  Aprobación por unanimidade a proposta.
Informe de Secretaría	28.06.2021	Procedemento e lexislación aplicable.

Realizada a tramitación legalmente establecida e visto o Informe-Proposta de Secretaría con data do 07.07.2021, o Pleno da Corporación adopta do seguinte

### ACORDO

**PRIMEIRO.** Aprobar a modificación da Relación de Postos de Traballo deste Concello, coas modificacións derivadas da negociación colectiva e dos informes achegados ao expediente, co texto seguinte:

<b>SERVIZO AO QUE PERTENCE</b>	Departamento de Educación (08.)	
Denominación do posto	Persoal de atención educativa (código: 08.01.03)	
Número de prazas por cada posto e tipo de posto	Unha praza persoal laboral	
Unidade orgánica á que pertence	Punto de Atención á Infancia (PAI) (08.01.)	
Retribucións complementarias	Complemento de destino	R.S.C.
	Complemento específico	R.S.C.
Grupo de clasificación profesional/Grupo profesional	Equiv.A2	
Funcións a desenvolver	Desenvolvemento das funcións e tarefas propias da atención aos usuarios do PAI, segundo o alcance e condicións fixados, ao respecto, pola normativa de aplicación; e no ámbito da súa	



	<p>capacitación legal/profesional.</p> <p>Desenvolvemento puntual de labores de coordinación xeral e ordinaria do PAI e persoal adscrito, coas tarefas inherentes, pola concorrencia dos seguintes supostos: por baixas, vacacións, ausencias laborais e aquelas outras situacións motivadas nas necesidades do servizo.</p>
Observacións concretas sobre o posto	Xornada partida/xornada parcial

<b>SERVIZO AO QUE PERTENCE</b>	Departamento de Educación (08.)	
Denominación do posto	Auxiliar PAI (08.01.04)	
Número de prazas por cada posto e tipo de posto	Unha praza persoal laboral	
Unidade orgánica á que pertence	Punto de Atención á Infancia (PAI) (08.01.)	
Retribucións complementarias	Complemento de destino	R.S.C.
	Complemento específico	R.S.C.
Grupo de clasificación profesional/Grupo profesional	Equiv.B	
Funcións a desenvolver	Desenvolvemento das funcións e tarefas propias da atención aos usuarios do PAI, segundo o alcance e condicións fixados, ao respecto, pola normativa de aplicación; e no ámbito da súa capacitación legal/profesional.	
Observacións concretas sobre o posto	Xornada partida	

<b>SERVIZO AO QUE PERTENCE</b>	Departamento Secretaria e administración xeral (01.)	
Denominación do posto	Axente de emprego e desenvolvemento local (01.01.02)	
Número de prazas por cada posto e tipo de posto	Unha praza persoal laboral	
Unidade orgánica á que pertence	Unidade de apoio a Secretaria, administración xeral e promoción económica (01.01.)	
Retribucións complementarias	Complemento de destino	R.S.C.
	Complemento específico	R.S.C.
Grupo de clasificación	Equiv.A2	





profesional/Grupo profesional	
Funcións a desenvolver	<p>Asistencia técnico-administrativa e operativa xeral, no ámbito da súa capacitación legal e/ou profesional, ao respecto do conxunto de actuacións e procedemento/expedientes a desenvolver/tramitar polo departamento e/ou Concello en materia de promoción económica, emprego e desenvolvemento local, asumindo a realización das funcións/tarefas técnicas, administrativas e operativas inherentes.</p> <p>Atención á cidadanía e/ou destinatarios das actuacións desenvolvidas nos ámbitos antedito.</p> <p>apoio/colaboración puntual, segundo necesidades e no ámbito da súa capacitación legal e/ou profesional, ao respecto das restantes actuacións e procedementos/expedientes a desenvolver pola unidade.</p>
Observacións concretas sobre o posto	

<b>SERVIZO AO QUE PERTENCE</b>	Unidade apoio a Secretaria, administración xeral e promoción económica (01.)	
Denominación do posto	Orientador/a laboral (01.01.03)	
Número de prazas por cada posto e tipo de posto	Unha praza persoal laboral	
Unidade orgánica á que pertence	Unidade de apoio a Secretaria, administración xeral e promoción económica (01.01.)	
Retribucións complementarias	Complemento de destino	R.S.C.
	Complemento específico	R.S.C.
Grupo de clasificación profesional/Grupo profesional	Equiv.A2	
Funcións a desenvolver	<p>Asistencia técnico-administrativa e operativa xeral, no ámbito da súa capacitación legal e/ou profesional, ao respecto do conxunto de actuacións e procedementos/expedientes a desenvolver/tramitar polo departamento e/ou Concello en materia de emprego e/ou inserción sociolaboral, asumindo a realización das funcións/tarefas técnicas, administrativas e operativas inherentes.</p> <p>Atención a cidadanía e/ou destinatarios das actuacións</p>	



	desenvolvidas nos ámbitos anteditos.  Apoio/colaboración puntual, segundo necesidades no ámbito da súa capacitación legal e/ou profesional, ao respecto das restantes actuacións e procedementos/expedientes a desenvolver pola unidade.
Observacións concretas sobre o posto	

<b>SERVIZO AO QUE PERTENCE</b>	Departamento de cultura, xuventude, ocio-tempo libre e biblioteca (06.00)	
Denominación do posto	Técnico/a de promoción/dinamización lingüística e sociocultural (06.00.08)	
Número de prazas por cada posto e tipo de posto	Unha praza persoal laboral	
Unidade orgánica á que pertence	Departamento de cultura, xuventude, ocio-tempo libre e biblioteca (06.00)	
Retribucións complementarias	Complemento de destino	R.S.C.
	Complemento específico	R.S.C.
Grupo de clasificación profesional/Grupo profesional	Equiv.A1	
Funcións a desenvolver	Desenvolvemento de funcións/tarefas, propias da súa capacitación profesional e/ou legal, e necesaria para o deseño e/ou presentación operativa das actuacións/actividades/eventos realizados polo departamento, ou o Concello, no ámbito da promoción/dinamización da lingua galega e sociocultural.  Apoio/colaboración puntual, segundo necesidades e no ámbito da súa capacitación legal e/ou profesional, ao respecto das restantes actuacións e procedementos/expedientes a desenvolver polo departamento.	
Observacións concretas sobre o posto	Xornada partida e horario flexible/variable (segundo necesidades/eventos)	

**SEGUNDO.** Publicar integramente a citada relación no *Boletín Oficial da Provincia* e na sede electrónica do Concello.

**TERCEIRO.** Remitir una copia da mesma á Administración do Estado e ao



órgano competente da Comunidade Autónoma.

### 3. Expediente 579/2021. Planificación e Ordenación de Persoal.

**Favorable**

**Tipo de votación**

#### DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para expoñer a proposta de acordo relativo ao expediente 579/2021 e expón que é un expediente con relación directa ao anteriormente aprobado e indica as diferencias coa RPT que tamén se establece no informe de Intervención. Hai unha pequena consecuencia dende o punto de vista económico, incorporar os postos do P.A.I. son os que máis repercusión teñen e a mellora salarial da normalización lingüística que se recolle.

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que indica que remítense á intervención anterior.

Toma a palabra a voceira do BNG a Sra. Suárez que tamén indica que se remite a intervención anterior e que todo o que sexa unha estabilidade para os servizos do Concello manterémonos nesa postura.

#### VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 4 votos a favor

PP: 4 abstencións

BNG: 2 abstencións

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 abstención

#### ACORDO

Vista a documentación que consta no expediente:

Documento	Data/Núm.	Observacións
Providencia de Alcaldía	30.06.2021	Consta
Informe de Secretaría	05.07.2021 N.º: 2021-0059	Consta. Procedemento e lexislación aplicable.



Providencia de Alcaldía	05.07.2021	Consta
Informe dos Servizos Municipais		Consta
Informe de Intervención	07.07.2021 Nº: 2021-0023	Consta

Realizada a tramitación legalmente establecida, o Pleno adopta do seguinte,

### ACORDO

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente a modificación do cadro de persoal municipal que ten por obxecto a **creación** das seguintes prazas:

#### 1.2 Persoal laboral fixo

Denominación	GRUPO	Nº de prazas
PERSONAL DE ATENCIÓN EDUCATIVA	Equiv. A2	1
AUXILIAR PAI	Equiv. B	1
AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	Equiv. A2	1
ORIENTADOR/A LABORAL	Equiv. A2	1
TÉCNICO/A DE PROMOCIÓN/DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA E SOCIOCULTURAL	Equiv. A1	1

**SEGUNDO.** Someter o presente acordo a información pública por prazo de quince días mediante anuncio en o Boletín Oficial da Provincia, durante ese prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Transcorrido devandito prazo, se non se presentaron alegacións, entenderase elevado a definitivo este acordo de aprobación inicial.

#### 4. Expediente 601/2021. Modificación de Créditos

**Desfavorable**

**Tipo de votación**



## DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para expoñer a proposta de acordo relativo ao expediente 601/2021 correspondente á modificación de crédito que consiste en aprobar un suplemento de crédito para atender necesidades que non estaban previstas de crédito, falamos de dúas partidas, área de gastos 2 e a liquidación dos impostos que nos cobra a Deputación e expón cada un deles.

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que indica ao Sr. González, unha vez mais volvemos ao de sempre, á pouca importancia que lle da o seu Goberno á xestión da economía municipal de Outes. Non teñen vostedes orden ningún no referido aos gastos que son propios do Concello e que teñen que ser asumidos polo Orzamento anual equilibrando os gastos que se teñen cos ingresos que se teñen.

Xa lle fixemos notar en varias ocasións que están demostrando que sen o remanente de tesourería vostedes non saberían gobernar este concello e resolver os asuntos que son cotiás e recorrentes e que como tales deben ser planificados e reflectidos dentro deses Orzamentos que vostedes non son quen de confeccionar.

Utilizan vostedes o remanente de tesourería cunha alegría e irresponsabilidade fora do común:

- Que queremos arranxar camiños agrícolas e forestais, que é un gasto que debe estar planificado anualmente, imos ao caixón do remanente.
- Que queremos pintar uns edificios municipais que é unha actuación de mantemento normal dentro das partidas orzamentaria, imos ao caixón.
- Que queremos limpar uns pozos de bombeo que é unha actuación que debería estar incluída na partida de mantemento do saneamento, imos ao caixón.
- Que teñen que pagar unas facturas de servizos que contrataron sen ter o crédito suficiente para facelo, pretenden ir de novo ao caixón.
- Que non contabilizamos en tempo e forma a taxa de recadación da Deputación e non temos crédito orzamentario para facerlle fronte, imos ao caixón.
- Que como non fixemos Orzamentos para o ano 2021 e encontrámonos que a partida que hai nos prorrogados do ano pasado non é suficiente para



afrontar o pago dos traballadores neste ano, pois tamén imos ao caixón e utilizamos cartos extraordinarios para gastos comúns.

Teñen a sorte de que cando chegaron o caixón estaba cheo, pero o caixón dos cartos Sr, González, non é eterno.

Non lles parecería mais correcto e mais responsable para cos veciños de Outes que dunha boa vez deixasen de improvisar e confeccionasen, consensuasen e presentasen para a súa aprobación o Orzamento do ano 2021 no que tivesen cabida todos estes gastos que lle son propios a ese documento. Nos pensamos que o que teñen que facer é poñerse a traballar e aprobar o Orzamento de 2021, e planificar a economía do Concello sen improvisar.

Toma a palabra o Sr. Núñez que indica que coinciden con moitas das cousas que dixo a voceira do PP, no sentido de que o Goberno leva improvisando dende o primeiro momento que asumiu o cargo, sen unha planificación. Ao BNG parécenos que o que se vai a aprobar agora é necesario e que aínda que deba ser a cargo dos Orzamentos quizais non teñamos tantas pegas como o que nos pareceu un despilfarro como habilitar unha partida de 100.000€ para pagar vinte ventiladores sen os informes técnicos necesarios. Iso si que é despilfarrar. Nós non imos a poñer impedimento para que isto saia adiante pero si que damos un aviso, non toleramos máis este tipo de cuestións e que non podemos permitir que isto siga así. Non poden facer uso dos aforros dos veciños sen consensuar antes cos veciños.

*Incorporase ao Pleno o Sr. Gándara durante o transcurso da intervención do Sr. Núñez.*

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño que indica que agora si que o deixou abraiado, desconcertar a unha persoa sen saber que dicir ou como reaccionar. O malo que tiveron tempo para pensar e reflexionar e dende que vostede é profesor e agora alcalde en materia de economía non ía ser eu quen de discutirlle, porque o tiña e o sigo tendo en grande estima no seu ámbito laboral. Sen embargo que aínda coa miña ignorancia na materia, os gastos de persoal cos seus incrementos salariais deben aparecer reflectidos nos orzamentos do Concello. Aí ven a súa saída e artimañas, como vostede non presentou os orzamentos tiramos dos remanentes e tema solucionado. Agora si pode dicir que aprendín algo de vostede, pero non economía, senón artimañas financeiras. Por suposto que lle hai que pagar aos empregados e empregadas, presente vostede os orzamentos do 2021 que vai sendo hora e logo falamos. A única partida ao



meu entender que vostede podería traer aquí neste apartado son os 9.000€ do fomento de emprego e persoal laboral, porque aquí si se trata de situacións extraordinarias. Por último, o da contabilización coa taxa aplicada pola Deputación é aplicable ao presuposto de gastos pero o seu erro é que meteu a pata vostede e que tiña que levar á Xunta de Goberno Local e cando o soubo xa era tarde. Dende o Partido Socialista de Outes recomendámoslle humildade e recoñecer os erros é de persoas humildes e cando así o faga terá o partido socialista de Outes do seu lado.

Toma a palabra o Sr. González que indica que quere facer unha puntualización e fálase de que estamos votando man dos remanentes e vostede apuntará que é pola súa gran xestión. Non é así, se temos este remanente é porque durante moitos anos as entidades locais e, polo tanto, este concello impedía mesmo gastar recursos que existían, a consecuencia multitude de servizos desatendidos. Fan falta recursos importantes para atender as subidas salariais, que non é pouca cousa que se acordou, polo tanto, os remanentes cando os salarios estaban polo chan e as necesidades desatendidas non se usaban. Polo demais a proposta está clara e agardamos que se poda levar a cabo.

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que indica que falaba vostede da xestión que fixo o noso grupo cando gobernábamos, pois menos mal que non foi coma a sua, porque recórdolle que as súas primeiras contas liquidounas vostede con un déficit de mais de 800.000 €. Se a día 13 de xuño do 2019 o resultado da economía municipal fora similar ao xestionado por vostede, as contas non habían de ser as mesmas.

En canto a que houbo un incremento da masa salarial para o pago aos traballadores, é certo, nos orzamentos do ano 19 estaba contemplada, nos do 20 ata xuño tamén, porque vostede utilizou de maneira prorrogada ata ese momento os do ano 19, eses que cualificou de “malísimos”. Con respecto a que se pretenda pagar con cartos do remanente un gasto que é estritamente común do orzamento municipal, pois non ten mais que facer que traer a este Pleno o Orzamento 21 e aprobalo, consensualo e aprobalo. É o que ten que facer.

Non esqueza que de non aprobarse esta modificación de crédito, o único responsable de poñer en perigo o pago ao persoal do concello sería o seu goberno, por non dotar a esa partida da cobertura precisa mediante a confección dese Orzamento que non hai, onde se reflectan as necesidades reais deste ano. Eso é todo o que ten que facer vostede. Eu xa sei que os traballadores non van quedar sen cobrar se vostede é o suficientemente eficiente e fai as cousas como



ten que facer. O responsable de non ter orzamentos é vostede. O responsable que na partida orzamentaria correspondente ao pago dos traballadores non haxa o crédito suficiente para afrontar os pagos previsibles a día 1 de xaneiro do ano 2021 é o seu goberno, ninguén mais.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica que o Sr. González fai referencia a que os remanentes son de varios anos e que durante uns anos non se puideron utilizar, o problema e que vostede quere fundilos todos só nun par de anos. Xa lle digo que pensei que aprendería algo de economía da súa persoa pero síntome defraudado nestes momentos.

Toma a palabra o Sr. González que indica que a Sra. Molinos pon a venda antes que a ferida de que non vai ser a nosa culpa de que os traballadores deixen de cobrar, nós imos garantir que os traballadores cobren fagan o que fagan.

### **VOTACIÓN**

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 4 votos a favor

PP: 4 votos en contra

BNG: 2 abstencións

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto en contra

*Polo Pleno da Corporación **non se aproba** o acordo que a continuación se transcribe.*

### **ACORDO**

Considerando a existencia de gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte, para os que non existe crédito ou é insuficiente e non ampliable no vixente Orzamento da Corporación, e dado que o Concello dispón de Remanente Líquido de Tesouraría (RLT), faise precisa a modificación de créditos de devandito Orzamento baixo a modalidade de suplemento de crédito.

Visto que o expediente que se propón para a súa aprobación versa sobre unha modificación do Orzamento vixente mediante suplemento de crédito 2/2021, por un importe total de 70.399,59.-euros.

Visto que se emitiu Memoria de Alcaldía na que se especificaban a modalidade de





modificación de crédito, o financiamento da operación e a súa xustificación.

Visto que se emitiu informe de Intervención polo que se informou favorablemente a proposta de Alcaldía e elaborouse Informe de Intervención sobre Avaliación do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria.

Vista a documentación incorporada ao expediente, de conformidade co disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno da Corporación municipal, previo ditame da Comisión competente, non adopta o seguinte,

### ACORDO

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 601/2021, do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito 2/2021 pola cantidade total de 70.399,59.-euros, financiado con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais (RLT), de acordo ao seguinte detalle:

### SUPLEMENTO EN APLICACIÓNS DE GASTOS

Aplicación		Descrición	Suplemento de crédito 2/2021
Programa	Económica		
2311	12009	Administración xeral servizos sociais. Outras retribucións básicas	2.592,85€
2311	12100	Administración xeral servizos sociais. Complemento de destino	149,38€
2311	12101	Administración xeral servizos sociais. Complemento específico	1.627,64€
2311	16000	Administración xeral servizos sociais. Seguridade social	2.701,58€
2313	13100	Promoción social. Laboral	2.988,99€



		temporal	
2314	13100	Asistencia a persoas dependentes. Laboral temporal	4.440,20€
2314	16000	Asistencia a persoas dependentes. Seguridade social	1.323,33€
241	13100	Fomento de emprego. Laboral temporal	9.000,00€
932	22708	Xestión do sistema tributario. Servizos de recadación (liquidación deputación do exercicio 2019 )	45.575,62€
		<b>TOTAL</b>	<b>70.399,59€</b>

Esta modificación finánciase con cargo ao Remanente de Tesouraría do exercicio anterior, nos seguintes termos:

#### SUPLEMENTO EN CONCEPTO DE INGRESOS

Aplicación: económica			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
8	87	87000	Remanente líquido de tesourería para gastos xerais	70.399,59€
			<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>70.399,59€</b>

**SEGUNDO.** Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no *Boletín Oficial da Provincia*, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados porán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

#### 5. Expediente 590/2021. Modificación de Créditos

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación</b>



## DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para expoñer a proposta de acordo relativo ao expediente 590/2021 correspondente ao expediente de modificación de créditos e indica que ten que ver con algunha proposta que se fixo neste Pleno e o que propoñemos é utilizar 60.000€ para atender as necesidades que nos reclama a comunidade educativa do Concello. Como xa comentamos no Pleno anterior había unha serie de peticións e nós de maneira excepcional, porque temos remanentes e porque consideramos que é excepcional, dada a urxencia que ten a ampliación de espazos dos rapaces de educación infantil e dado que a Conselleira fai recortes no persoal e menos obras para minorar a ensinanza, neste caso, no noso colexio. Excepcionalmente vamos a propoñer dotar un crédito para reorganizar os espazos do colexio e vai precisar dunha serie de permisos e que se se aproba neste Pleno poderán realizarse estas obras xunto co outras que foron demandadas con respecto ao almacén para usos múltiples. É un esforzo excepcional e cremos que é importante facelo.

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que indica que se ben pensamos que as inversións feitas para que os nosos cativos teñan unha mellor educación e conten con infraestruturas mais adecuadas as súas necesidades deben ser benvidas, neste caso temos dúbidas sobre o aspecto competencial das que vostedes propoñen, xa que como se indica nos informes que acompañan a este expediente o gasto de mais de 60 M € que propoñen non se trata unicamente de actuacións dirixidas ao mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local que en principio sería o ámbito competencial que ten o concello sobre as instalacións do Colexio.

Queremos preguntarlle se fixeron algunha xestión coa Administración que si ten competencias na materia, para que dalgún xeito se fixese fronte por esa vía ou calquera outra, a necesidade que se plantexa.

Toma a palabra o Sr. Núñez que expón que todo o que sexa investir nos nosos veciños e máis nos cativos que precisan unha atención axeitada e unha atención constante e criarse nun entorno limpo e axeitado non temos ningún problema. O que si que é certo e que nos gustaría que estas actuacións foran financiadas a cargo da Xunta, pois é un servizo que presta e queremos entender que vostedes tiveron as reunións pertinentes e que se traen aquí é porque do outro xeito non houbo maneira. Ao noso parecer son necesarias moitas outras actuacións e aínda



non se fixeron e os veciños seguen agardando. Cremos que a Xunta debера apostar polo ensino das nosas crianzas e o BNG vai estar sempre para que propoña actuacións para isto. A magoa é que teña que ser a cargo de fondos municipais e esperamos que a Xunta actúe e que o goberno local preme e negocie todo o necesario para que saia adiante.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño que indica que se lle dou a vostede nas obras que se van realizar no colexio e que volve vostede a tirar de remanentes pois podería facer algunha obra máis. Estiven pensando se apoiar esta modificación de crédito ou non por esta mesma razón e iso que se trataba dunha moción deste grupo, pero o meu sentido común e o do Partido Socialista de Outes consideramos que a prioridade son os cativos e cativas que cursan no colexio e que todas as melloras neste caso de instalacións son do seu beneficio e dos veciños e veciñas. Anuncia o seu apoio.

Toma a palabra o Sr. González que solicitouse por parte de dirección do colexio e farémolo se é necesario autorización á Consellería de educación da que estamos pendentes. Quero comentar con respecto ao dito polo BNG que indica que este grupo apoio no último Pleno unha moción, que indicou o voceiro do Partido Socialista. Facemos esta proposta porque urxe e porque é necesario por medidas sanitarias e porque haberá aulas cargadas de alumnos.

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que indica que entón entendo que o que fixo foi solicitar permiso para facer unas obras no Colexio, o que non pediu foi ningunha axuda nin fixo ningunha xestión para que esas obras foran financiadas pola Administración que ten competencias na materia, é o que acaba de dicir vostede, non fixeron absolutamente nada. Dixeron: queremos facer isto e si, como temos cartos do remanente, non lle dicimos nada a ninguén, pedimos un permiso, que igual llo dan eh!, probablemente llo dean, e xa facemos as obras nos con fondos que poderían servir, no caso de que vostede fixese o seu traballo que é explotar todas as vías para encontrar axudas que traer ao Concello de Outes, para, ao mellor, inverter eses 60.000€ en facer outras actuacións que sí foxen competencia do Concello. Se vostede non ten a mínima iniciativa para conseguir axudas doutras administración e vai facer con todo así, estamos apañados.

Toma a palabra o Sr. González que indica que agarda que a Xunta de Galicia asuma o custe da obra para mellorar o ximnasio e non se preocupe só de canto recorta. Respecto ao que apunta de que o Goberno é capaz de conseguir, acabamos de conseguir a aprobación dun proxecto cunha subvención de



600.000€ eu creo que vostedes no seu goberno non conseguiron unha subvención desta contía.

### **VOTACIÓN**

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 4 abstencións

BNG: 2 voto a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

### **ACORDO**

Incoado expediente de modificación de créditos nº 4/2021 consistente en Crédito Extraordinario financiado con Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais (RLT), mediante Providencia desta Alcaldía que obra no expediente.

Vista a xustificación da mesma na Memoria adxunta, así como os informes de Intervención adxuntos ao expediente.

Visto que se emitiu informe de Intervención polo que se informou *favorablemente* a proposta de Alcaldía e elaborouse Informe de Avaliación do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria.

Examinada a documentación incorporada ao expediente, de conformidade co disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, en concordancia cos artigos 35 ao 38 do Real Decreto 500/1990.

En base a todo o anteriormente exposto, o Pleno da Corporación Municipal, previo ditame da Comisión competente, adopta o seguinte,

### **ACORDO**

**PRIMEIRO.** Aprobar a modificación de crédito nº 4/2021, de acordo ao seguinte detalle:

#### **Altas en Aplicacións de Gastos**



Aplicación		Descripción	Crédito extraordinario 4/2021
Progr.	Económica		
321	63200	Creación de Centros docentes de enseñanza infantil e primaria. Edificios e outras construcións	60.881,15 €
		<b>TOTAL</b>	<b>60.881,15 €</b>

#### Altas en Conceptos de Ingresos

Aplicación			Descripción	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
8	87	87000	Remanente líquido de tesouraría para gastos xerais	60.881,15 €
			<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>60.881,15 €</b>

**SEGUNDO.** Expor o acordo ao público mediante anuncio inserido no *Boletín Oficial da Provincia*, durante o prazo de quince días hábiles, aos efectos de que os interesados porán examinalo e presentar as reclamacións que estimen ante o Pleno da Corporación. Caso de non presentarse reclamacións durante o citado prazo, o expediente considerarase definitivamente aprobado. En caso contrario, o Pleno da Corporación disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

*Remata a sesión ás 21:25 horas do que, como Secretaria, dou fe.*

#### **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

A grabación do Pleno é consultable no seguinte enlace:

<https://www.youtube.com/watch?v=5a6n5fipaic>

